

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE E O CONCELLO DE REDONDELA PARA A CONSTRUCIÓN DUNHA PISTA DE ATLETISMO NAS INSTALACIÓNS DO INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA (IES) ILLA DE SAN SIMÓN, EN REDONDELA

19 de abril de 2022

REUNIDOS

Dunha parte, **Román Rodríguez González**, na súa condición de conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, en virtude do seu nomeamento mediante o Decreto 112/2020, do 6 de setembro, no exercicio das atribucións que lle confire o artigo 34 a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e a súa Presidencia e o artigo 3 do Decreto 198/2020, do 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (DOG núm. 242 do 1 de decembro).

Doutra, _____, na súa condición de alcaldesa do Concello de Redondela, no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

EXPOÑEN

Primeiro.- Que de conformidade co disposto no artigo 31 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, "*é competencia plena da Comunidade Autónoma galega a regulación e administración da ensinanza en toda a súa extensión, niveis e grados, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias (...)*". A disposición adicional décimo quinta da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE), establece que "*corresponde ás Administracións educativas establecer o procedemento para o uso dos centros docentes, que delas dependan, por parte das autoridades municipais, fóra do horario lectivo para actividades educativas, culturais, deportivas ou outras de carácter social. O dito uso quedará unicamente suxeito ás necesidades da programación das actividades dos ditos centros*".

Segundo.- Que o artigo 25.2.l da Lei 7/1985, do 2 de abril establece que o municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma, entre outras, en materia de promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre. Estas competencias tamén se atribúen aos concellos na normativa autonómica, letra n) do artigo 80.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

Terceiro.- Que o artigo 8.1 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, dispón que as administracións educativas e as corporacións locais coordinarán as súas actuacións, cada unha no ámbito das súas competencias, para acadar unha

maior eficacia dos recursos destinados á educación e contribuír aos fins establecidos nela.

A disposición adicional décimo quinta da mesma norma prevé o establecemento de procedementos e instrumentos que favorezan e estimulen a xestión conxunta coas administracións locais e a colaboración entre os centros educativos e as administracións públicas.

Cuarto.- Que do mesmo xeito, a disposición adicional segunda da Lei 5/2014, do 27 de maio (DOG do 30), de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización sustentabilidade da Administración local, tamén regula consonte as previsións da normativa básica estatal, a cooperación económica, técnica e administrativa, voluntaria pola súa propia natureza, entre a administración local e a administración da Comunidade Autónoma.

Tendo en conta o anterior e con base no principio de colaboración interadministrativa en asuntos de interese común que debe presidir a actuación das administracións públicas, e dado os obxectivos coincidentes, as partes intervinientes manifestan a súa vontade de colaboración no desenvolvemento deste proxecto e están interesadas en establecer o presente convenio de colaboración con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto deste convenio é establecer as liñas de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o Concello de Redondela para a construción dunha pista de atletismo no Instituto de Educación Secundaria (IES) Illa de San Simón de Redondela, así como acordar as liñas xerais para a apertura ao uso xeral das instalacións deportivas fóra do horario lectivo dos centros públicos.

Segunda.- Obxectivos

A sinatura deste convenio de colaboración pretende os seguintes obxectivos:

- Optimizar a utilización dos recursos públicos de forma que a aplicación dos principios de colaboración e coordinación na planificación e execución das intervencións programadas permita atender de forma eficiente as necesidades materiais das instalacións destinadas á prestación do servizo público educativo.
- Impulsar as actuacións de mellora nas instalacións deportivas dos centros educativos cunha dobre finalidade: acadar o nivel requirido para satisfacer as necesidades do alumnado dos centros e permitir o acceso da cidadanía a estas áreas deportivas fóra do horario lectivo nos termos da cláusula sexta deste acordo.

Terceira.- Actuacións da Consellería de Cultura, Educación e Universidade

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade pon a disposición do Concello de Redondela os espazos que se atopan dentro do recinto do IES Illa de San Simón e se corresponden cos espazos libres para uso deportivo e de espaxamento do centro

sen uso definido e que se identifican na memoria valorada e plano de situación remitida polo Concello de Redondela con data 10 de marzo de 2021.

Cuarta.- Actuacións do concello de Redondela

O concello comprométese a asumir, dentro do seu ámbito competencial e con cargo ao seu orzamento ou mediante a posta a disposición dos seus medios propios, as actuacións seguintes :

- Construción dunha pista de atletismo de 4 rúas de 90 cm de ancho e unha corda aproximada de 180 metros. Complementariamente unha prolongación das rúas para habilitar unha recta de 60 metros, con zona de saída de tres metros e freado de 15 metros, así como un foso de salto e demais instalacións deportivas como círculos de lanzamento. Perimétralmente unha instalación de saneamento e drenaxe. Traballos de adecuación da pista polideportiva existente mediante a aplicación dunha pintura que homoxeneíce a actuación, xa que se solapará formigón existente con formigón novo, modificándose a posición da pista.

- Velará por que as obras non interfiran na actividade da comunidade educativa e coa adopción de todas as medidas necesarias para que non existan riscos para a dita comunidade

Quinta.- Supervisión técnica

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a través da Unidade Técnica da Xefatura Territorial de Pontevedra e en coordinación cos servizos técnicos municipais, realizará a supervisión técnica que garanta a correcta execución das actuacións obxecto deste acordo.

Sexta.- Instalacións deportivas

As instalacións deportivas poderán ser abertas ao uso xeral da poboación fóra do horario lectivo e actividades docentes, para fins educativos, deportivos e culturais sempre que non se interfira na programación das actividades do centro e que se garanta a súa correcta utilización. A Consellería tramitará as correspondentes autorizacións para o uso destas instalacións en favor do concello de Redondela nos termos e condicións previstos na normativa de aplicación, tendo como referencia o acordo asinado coa FEGAMP, sobre o uso, por concellos galegos, de instalacións deportivas de titularidade da consellería, consonte o que se indica:

“En todo caso, considéranse actividades non permitidas e, en consecuencia, exclúense do ámbito de aplicación deste convenio marco de colaboración:

- 1.- Actividades, de calquera tipo, promovidas por partidos políticos, sindicatos, ou calquera outra asociación de obxecto distinto ao educativo, deportivo e cultural.
- 2.- Actividades propias do comercio que esixan unha contraprestación económica polo acceso ás instalacións.
- 3.- Actividades de promoción, feiras ou eventos nos que se permita o consumo ou comercialización de produtos prohibidos pola lexislación vixente en materia de alimentación e saúde pública.

Permitirase a realización das actividades que sexan previamente autorizadas polas correspondentes Xuntas Electorais. Está expresamente prohibido o uso das instalacións para o desenvolvemento de mitins políticos ou calquera outra actividade de promoción ou campaña política, sen a devandita autorización.”

Sétima.- Previsións de desenvolvemento

A colaboración derivada desde convenio poderá ser obxecto do desenvolvemento ulterior e concreción que sexa preciso, a través dos instrumentos ou das actuacións que se estimen necesarias para a súa consecución de conformidade coa normativa vixente.

Oitava.- Modificación, denuncia e resolución do convenio

As partes poderán modificar o presente convenio en calquera momento por mutuo acordo, e de acordo cos trámites que resulten preceptivos. Así mesmo, poderán denunciálo, en calquera momento, por vontade expresa de calquera das partes cun preaviso de quince días naturais.

Son causas de resolución as seguintes:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

Novena.- Comisión mixta de seguimento

Créase unha comisión mixta de carácter paritario entre as dúas administracións asinantes para a coordinación, seguimento e avaliación das actuacións previstas e para a resolución das cuestións derivadas da execución deste convenio. A comisión estará integrada por dúas persoas en representación da Consellería e outras dúas en representación do Concello de Redondela. A presidencia corresponderá a unha das persoas representantes da Consellería.

O réxime de funcionamento e os acordos da Comisión axustaranse ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico sector público e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

A Comisión terá as seguintes funcións:

- Seguimento e control do desenvolvemento do convenio
- Interpretar e resolver as dúbidas que se poidan suscitar na aplicación e cumprimento do mesmo.

Décima.- Vixencia

O prazo de vixencia do convenio será de catro anos desde a súa sinatura, sen prexuízo que as obras deben estar rematadas a 31 de decembro de 2023.

A vixencia do presente acordo poderá prorrogarse de xeito expreso, co límite máximo establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

En todo caso, unha vez finalizada a vixencia do presente convenio, as partes poderán acordar, a través da sinatura do instrumento xurídico que corresponda, a continuidade da apertura das instalacións deportivas establecidas no presente convenio ao uso xeral da poboación fóra do horario lectivo e actividades docentes, para fins educativos, deportivos e culturais sempre que non se interfira na programación das actividades do centro e que se garanta a súa correcta utilización.

Décimo primeira.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente o artigo 6.1.

Seralle de aplicación a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

Será competente a xurisdición contencioso-administrativa para resolver na vía xurisdiccional as citadas controversias.

Décimo segunda.- Publicidade e rexistro do convenio. Consentimento para a publicidade de datos persoais que figuran no convenio

O réxime de publicidade do convenio será o establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Ao mesmo tempo procederase a inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal contidos no convenio.

Décimo terceira.- Protección de datos persoais

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/179 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPd), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPdGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPd.

Décimo cuarta.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

En proba de conformidade, as partes asinan este acordo dixitalmente.

Pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade Polo Concello de Redondela

Román Rodríguez González